

Programa de Dinamización Xuvenil da Eurocidade Chaves-Verín SEMINARIO EUROPEO “A PARTICIPACIÓN XUVENIL NAS AGRUPACIÓNS TRANSFRONTEIRIZAS”

Promoven: Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, Instituto Português do Desporto e Juventude, Eurocidade Chaves-Verín, Concello de Chaves, Concello de Verín.

Esta actividade está enmarcada dentro do proxecto EUROCIDADE II, aprobado ao abeiro do Programa de Cooperación Transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal 2007-2013 (POCTEP).

Datas: Do 19 ao 24 de novembro de 2012

Lugar: Oficina Transfronteiriza de Información Xuvenil da Eurocidade Chaves-Verín

Descrición

Durante seis días, representantes de colectivos e líderes xuvenís de agrupacións transfronteirizas de distintas zonas europeas terán a oportunidade de debater sobre as súas propias realidades e compartir as súas experiencias sobre participación xuvenil, xerando deste xeito novos materiais e recursos para o traballo coa mocidade transfronteiriza, de cara a fixar poboación xuvenil, e promover a colaboración entre os mozos e mozas dun lado e o outro da raia.

Obxectivos:

- Fomentar a participación xuvenil e a empregabilidade entre a mocidade das zonas europeas transfronteirizas en xeral, e das localidades participantes no seminario en particular
- Promover un espazo de intercambio de experiencias entre dinamizadores/as, facilitadores/as e líderes xuvenís de rexións transfronterizas
- Proporcionar os medios para a creación dunha rede europea de localidades transfronteirizas de cara a futuros proxectos conxuntos
- Xerar novos recursos e ferramentas para a promoción da participación xuvenil en áreas transfronteirizas

Participantes

- **Perfil dos/das participantes:** Animadores/as, facilitadores/as e/ou líderes xuvenís que residan en zonas transfronteirizas europeas, de idades comprendidas entre os 18 e os 30 anos.
- **Número de participantes:** 12, dos/das cales 4 representantes da Eurocidade Chaves-Verín

Inscrición

Os mozos e mozas representantes da Eurocidade Chaves-Verín interesados/as en participar no seminario deberán formalizar a súa solicitude **ata o 9 de novembro** no seguinte enlace:

<http://xuventude.xunta.es/201210178881/seminario-europeo-a-participacion-xuvenil-nas-agrupacions-transfronteirizas.html>

A organización comunicaralles a súa aceptación ao/ás seleccionados/as o día 13 de novembro.

Custes do seminario

A organización cubrirá os gastos de aloxamento, manutención e desprazamentos locais durante o seminario, así como os gastos de transporte dos/as non residentes ata a Eurocidade Chaves-Verín.

Lingua do seminario

Dado que participarán representantes de diversas localidades europeas, a lingua vehicular do seminario será o inglés.

Os resultados

Os materiais e documentos xerados durante o seminario recompilaranse e publicaranse na rede.

Programa provisional

19 de novembro

- Ao longo da tarde: Chegada dos/as participantes
- Cea
- Dinámicas de presentación

20 de novembro

- Almorzo
- Inauguración oficial do seminario a cargo das institucións promotoras
- Presentación do programa e expectativas do grupo
- Xantar
- Partindo de cero: a participación xuvenil nas nosas realidades: carencias, logros,...
- Vivir en áreas transfronteirizas: unha oportunidade e non unha debilidade
- Cea
- Velada de coñecemento intercultural sobre as rexións participantes

21 de novembro

- Almorzo
- Visita guiada á Eurocidade Chaves-Verín
- Xantar
- Recursos e ferramentas para a participación xuvenil
- Cea

- Rol play sobre participación xuvenil

22 de novembro

- Almorzo
- *Coaching* en participación xuvenil: como liderar un proxecto de participación xuvenil
- Xantar
- Impulsando a empregabilidade e o emprendedurismo xuvenil nas localidades transfronteirizas
- Cea
- Exemplos de boas prácticas en participación xuvenil transfronteiriza

23 de novembro

- Almorzo
- Feira de ideas: propostas para proxectos conxuntos de participación xuvenil
- Xantar
- Avaliación final e conclusións
- Cea
- Noite libre

24 de novembro

- Ao longo do día: partida dos/das participantes

Para máis información, contactar con:

Julio Varela

Tel: (0034) 606509611

E-mail: eduvialalin@yahoo.es